



Capítulo I PXA
IES DE CARRAL
2021/2022

CONTIDOS

ÍNDICE	PÁXINA
1. INTRODUCCIÓN	3
2. PLAN ANUAL	4
2.1 O centro	4
1.1.1 Contexto xeral	4
1.1.2 Datos do centro	6
2.1.3 Recursos humanos	6
2.1.3.1 Profesorado	6
2.1.3.2 Alumnado	9
2.1.3.3 Persoal non docente	9
2.2 Obxectivos xerais	10
2.3 Obxectivos específicos para o curso 2021/2022	11
3. HORARIO XERAL DO CENTRO	17
4. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS (TRANSPORTE)	18

1. INTRODUCCIÓN

O presente documento ten por obxecto dar cumprimento ao Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, Título IV, Capítulo IV e á Orde de 1 de agosto pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento, Apartado I. Réxime de funcionamento.

O borrador do Capítulo I da Programación Xeral Anual foi informado ao claustro por correo electrónico. O documento final foi presentado ao claustro o 29 de setembro de 2021 e validado polos membros do consello escolar na reunión celebrada o 29 de setembro de 2021 e aprobado pola dirección do centro o 30 de setembro de 2021.

O capítulo I estrutúrase en catro apartados:

- Documento nº 1: Plan anual.

- Documento nº 2: Horario xeral do centro.

- Documento nº 3: Organización de servizos complementarios.

1 PLAN ANUAL

1.1 O centro

1.1.1 Contexto xeral

O IES de Carral está situado no concello que lle dá nome, na entrada da vila segundo se vén da Coruña pola N-550. Creouse no ano 2015, con capacidade para 12 unidades de ESO.

O complexo educativo ten unha superficie construída total de 2.938,96 m², dos que 139,42 m² son de patio cuberto. O espazo distribúese en dúas plantas con 12 aulas de Educación Secundaria Obrigatoria, o que supón 360 prazas para o alumnado. Tamén conta, na súa planta baixa, biblioteca, cafetería, aula de Informática, zona de administración, despachos de dirección, sala para Asociación de Nais e Pais do Alumnado, aseos adaptados a persoas con discapacidade e zona de servizos e instalacións. No primeiro andar sitúase o taller de Tecnoloxía, a aula de Música e de Educación Plástica e Visual, o laboratorio de Ciencias experimentais, 3 aulas de apoio, reforzo e desdoblamento, seminarios e aseos de alumnado e profesorado. Separado do edificio principal sitúase un pavillón deportivo e unha pista polideportiva que se une cun patio pavimentado e unha zona verde. Neste centro impártense cursos de Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO).

Está situado no concello de Carral, que se localiza xeograficamente na latitude 43° 13´norte e lonxitude 8° 21´oeste, na provincia da Coruña; atópase a 17 km da cidade herculina, formando parte da súa área metropolitana, xunto cos Concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada. Segundo datos do IGE de 2020 conta con 6473 habitantes, sendo algo maior o número de mulleres (3297) que o de homes (3176); arredor do 15% da poboación é menor de 18 anos e conta cun 3 % de poboación estranxeira.

O concello ten unha extensión de 48.03 km cadrados, que aglutina oito parroquias: Beira (Santa Mariña), Cañás (Santa Baia), Paleo (Santo Estevo), Quembre (San Pedro), Sergude (San Xián), Sumio (Santiago), Tabeaio (San Martiño) e Vigo (San Vicente).

A proximidade de Carral con relación á Coruña, está a provocar unha mobilidade demográfica da poboación coruñesa cara a este concello así como un aumento da inmigración, se ben moi moderado. A maior parte da poboación concéntrase nos

núcleos de Paleo e Tabeaio. As outras parroquias teñen un elevado número de entidades polas que se dispersa a poboación.

Nos anos anteriores á crise houbo un considerable medre do centro urbano e das zonas situadas arredor da N-550. Isto tamén influíu na economía local que se foi orientando ao sector comercial e de servizos relacionado coa cidade da Coruña. Consta dun parque empresarial, Os Capelos. Deste xeito temos un concello con parroquias nas que a poboación aumentou lixeiramente, con industrias (madeireiras, materiais de construción) e un sector servizos dinámicos e outras áreas máis rurais. Cómpre salientar a importancia que segue a ter o sector do pan.

O alumnado de referencia do noso centro educativo para cursar a ESO vén do centro adscrito que é o CEIP Vicente Otero Valcárcel, agás imprevistos de alumnos trasladados, cambio de domicilio dos pais, etc.

O noso alumnado tamén provén de Concellos limítrofes ao de Carral, das súas parroquias máis próximas como Sarandós (Abegondo), Santa María de Vigo ou Andeiro (Cambre) e de zonas do Monte Xalo pertencentes aos concellos de Culleredo ou Cerceda.

En xeral, as familias soen colaborar e amosar interese pola formación dos seus fillos e fillas. Cóntase coa participación de familias dende o Consello Escolar, mais continuamos sen ter a Asociación de nais e pais de alumnado (ANPA).

As relacións do centro educativo co Concello foron sempre fluídas. Desde diferentes Concellarías vimos mantendo unha comunicación e colaboración próximas. É destacable o labor desenvolvido neste sentido polos diferentes técnicos de Cultura, Deportes, Educación e Servizos Sociais e Normalización Lingüística.

Ao longo de todos estes anos son numerosas as actividades ofertadas polo Concello ao centro: obradoiros dixitais, conferencias, teatro, actividades musicais... así como a posibilidade de empregarmos as súas instalacións, brindando sempre apoio a calquera iniciativa levada a cabo desde o centro educativo.

Por outra parte, o centro dispón de servizo de transporte escolar para o alumnado que cumpra os requisitos esixidos pola Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional.

1.1.2 Datos do centro

Datos do centro	
CÓDIGO	15032923
NOME	IES de Carral
ENDEREZO	Rúa Costa do Pincho s/n
CONCELLO	Carral
PROVINCIA	A Coruña
CÓDIGO POSTAL	15175
TELÉFONO	881 960 480
CIF	S1500118C
ENDEREZO ELECTRÓNICO	ies.carral@edu.xunta.gal

1.1.3 Recursos humanos

1.1.3.1 Profesorado

Este curso o claustro está composto por 24 persoas. Cóntase cunha PT para os dous primeiros cursos da ESO, profesorado de educación secundaria e compartimos profesor de Relixión co IES de Viós.

EQUIPO DIRECTIVO	
DIRECTOR	ANXO GÓMEZ SÁNCHEZ
XEFA DE ESTUDOS	CARMEN OTERO MAZOY
SECRETARIO	JUAN I. DONESTEVE VARELA DE LIMIA

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA	
CANEDA IGLESIAS, MARÍA	Pedagogía Terapéutica
C. G. , VANESA	Xefa Departamento de Educación Física
DONESTEVE VARELA DE LIMIA, JUAN I.	Secretario / Xefe do Departamento de Orientación
GÓMEZ AVILÉS, LUZ	Xefa do Departamento de Lingua Castelá
GÓMEZ SÁNCHEZ, ANXO	Director
G. M., EDUARDO	Xefe do Departamento de Tecnoloxía
IGLESIAS LAUDA, ANA BELÉN	Xefa do Departamento de Matemáticas
LENCE FEAL, JUAN A.	Xefe do Departamento de Ciencias Sociais
MIRANDA PANDO, M ^a JOSÉ	Xefa do Departamento de Música Responsable de Biblioteca
OTERO MAZOY, CARMEN	Xefa de Estudos
POMBAR DIÉGUEZ, ROSA	Xefa do Departamento de Lingua Galega
REGUEIRO GENDE, MARÍA	Xefa do Departamento de Física e Química/ Coordinadora do EDLG
REY CRIADO, MARÍA	Xefa do Departamento de Lingua Francesa/ Coordinadora de AAEE / C. Auxiliar Conversa
RODRÍGUEZ AMOEDO, CARLOS	Coordinador Abalar / Responsable TICS
SANTOS REGUEIRO, J. MARGARITA	Xefa do Departamento de Bioloxía
SICRE ROMERO, BEGOÑA	Xefa do Departamento de Plástica
VECINO CHAVERT, ESTHER	Xefa do Departamento de Lingua Inglesa

CLAUSTRO	
AMENEDO GONZÁLEZ, BELÉN	Departamento de Lingua Castelá
CANEDA IGLESIAS, MARÍA	Departamento de Orientación
C. G. , VANESA	Departamento de Educación Física
CASTRO CALVIÑO, LETICIA	Departamento de Ciencias Sociais
DONESTEVE VARELA DE LIMIA, JUAN I.	Departamento de Orientación
FERNÁNDEZ PRIETO, CONCEPCIÓN	Departamento de Lingua Inglesa
GÓMEZ AVILÉS, LUZ	Departamento de Lingua Castelá
GÓMEZ SÁNCHEZ, ANXO	Departamento de Lingua Galega
G. M., EDUARDO	Departamento de Tecnoloxía
IGLESIAS LAUDA, ANA BELÉN	Departamento de Matemáticas
LENCE FEAL, JUAN A.	Departamento de Ciencias Sociais
MIRANDA PANDO, Mª JOSÉ	Departamento de Música
MONTERO FERNÁNDEZ, ELADIO	Departamento de Lingua Francesa
OTERO MAZOY, CARMEN	Departamento de Matemáticas
PÉREZ CARRERA, SARA	Departamento de Matemáticas
POMBAR DIÉGUEZ, ROSA	Departamento de Lingua Galega
REGUEIRO GENDE, MARÍA	Departamento de Física e Química
REY CRIADO, MARÍA	Departamento de Lingua Francesa
RODRÍGUEZ AMOEDO, CARLOS	Departamento de Matemáticas
RODRÍGUEZ LÓPEZ, SAMUEL	Departamento de Lingua Galega
SANTOS REGUEIRO, J. MARGARITA	Xefa do Departamento de Bioloxía
SICRE ROMERO, BEGOÑA	Xefa do Departamento de Plástica
VÁZQUEZ LEMA, JOSÉ M.	Departamento de Matemáticas
VECINO CHAVERT, ESTHER	Departamento de Lingua Inglesa

Ramón Fernández Martínez, Departamento de Relixión. Compartido co IES de Viós.

1.1.3.2. Alumnado

Neste curso hai un total de 227 alumnos e alumnas matriculados no IES de Carral. A continuación apórtanse os datos de reparto do alumnado nos diferentes cursos:

CURSO	Alumnado	Aulas
1º ESO	67	3
2º ESO	63	3
3º ESO	57	2
4º ESO	39	2

1.1.3.3. Persoal non docente

O IES de Carral conta actualmente co seguinte persoal non docente:

- 1 auxiliar-administrativa
- 2 subalternas
- 2 persoas do servizo de limpeza, unha delas contratada laboral a media xornada.

Ademais, a persoa titular da empresa adxudicataria do servizo de cafetería ofrece este servizo a toda a comunidade educativa.

1.2 OBXECTIVOS XERAIS

- a) Fomento da mellora da convivencia escolar propiciando un clima de respecto e un espírito de traballo e colaboración entre toda a comunidade educativa.
- b) Promover un centro activo no que se fomente a participación e colaboración dos diferentes sectores da comunidade educativa, ao tempo que se impulsa o funcionamento dos órganos de goberno e coordinación de forma dinámica e eficaz, favorecendo a reflexión e o consenso.
- c) Mellorar o rendemento académico do alumnado, incidindo especialmente na integración social dos alumnos e alumnas cuxa situación persoal e familia así o requira.
- d) Continuar coa actualización e elaboración dos documentos organizativos do centro, de acordo coas directrices e criterios establecidos pola administración educativa e polo consello escolar, tendo en conta as propostas formuladas polo claustro, a comisión de coordinación pedagóxica e a comisión de convivencia.
- e) Promover a formación do persoal docente en proxectos pedagóxicos de innovación e educativos e de participación colaborativa por proxectos e interdisciplinariedade.
- f) Fomentar o plurilingüismo para a mellora da competencia comunicativa.
- g) Promover o bo funcionamento da biblioteca escolar do centro e fomentar o plan lector e a adquisición de hábitos lectores do alumnado.
- h) Procurar que o centro escolar sexa un lugar seguro tendo en conta a situación sanitaria que vivimos este curso. Reforzarase todo o relacionado coa hixiene.
- i) Optimizar e mellorar os recursos materiais do centro.
- l) Fomentar as relacións coa contorna e crear dinámicas de colaboración.

1.3 Obxectivos específicos para o curso 2021/2022.

Obxectivo nº 1	Mellorar a convivencia no centro			
Liñas de actuación	Responsables	Recursos	Indicadores	Temporalización
Actualización e implementación das NOFC	Comunidade educativa.	Reunións, Difusión en titorías, web Premios	Documento Grao de satisfacción no centro	Todo o curso
Favorecer as boas formas entre todos os membros da comunidade educativa como o medio máis adecuado para evitar e resolver conflitos	Comunidade educativa	Reunións Xunta de Delegadas/os	Número de Partes de incidencia Resolución acordada de conflitos	Todo o curso
Detección precoz das situacións de conflito nas que se vexa implicado o alumnado.	Titores/as Coordinador de convivencia. Xefatura de Estudos	Correo electrónico de referencia para o alumnado.	Número de Partes de incidencia Resolución acordada de conflitos	Todo o curso
Traballo na mellora de hábitos de conduta e de hábitos de saúde: prevención de drogodependencias e educación vial	Departamento E.Física. Titores/as Orientación	Plan Proxecta, Plan Director, Actividades extraescolares e complementarias, Traballo de aula, Titorías...	Alumnado participante Actividades desenvoltas	Todo o curso
Participar en programas ofertados por diferentes institucións para fomentar a igualdade de xénero.	Titores/as Claustro Coordinador de convivencia Xefatura de estudo	Actividades extraescolares e complementarias, traballo de aula, titorías...	Nº de iniciativas desenvoltas	Todo o curso
Horto escolar	Profesorado Alumnado	Recinto escolar. Materiais e ferramentas	Número de profesores e alumnado implicado	Terceiro trimestre

Obxectivo nº 2	Mellorar a organización e xestión do centro			
Liñas de actuación	Responsables	Recursos	Indicadores	Temporalización
Avaliación dos itinerarios académicos ofertados.	CCP Claustro Equipo Directivo	Reunións	Matrícula do vindeiro curso	1º e 2º trimestre
Avaliación e revisión das propostas de materias propias do centro para a materia de libre configuración en 1º e 2º	Dpto. didácticos correspondentes Equipo directivo CCP	Reunións	Matrícula do vindeiro curso	1º e 2º trimestre
Revisión da proposta de materias opcionais de 4º ESO.	Dpto. didácticos correspondentes Equipo directivo CCP	Reunións	Matrícula do vindeiro curso	1º e 2º trimestre
Redacción, revisión e actualización periódica dos documentos do centro	Equipo Directivo Departamentos CCP	Reunións	Número de documentos revisados e actualizados	Todo o curso
Manter a web do centro o máis actualizada posible, sendo preferente a información xeral para o alumnado, os profesores e as familias.	Equipo directivo Profesores/as interesados/as	Persoas Tempo	Número de actualizacións Visitas e visualizacións da web	Todo o curso
Facilitar a información entre toda a comunidade educativa utilizando o correo corporativo, o soporte ABALAR e/ou outros.	Equipo directivo Claustro Titores/as	Internet	Grao de satisfacción	Todo o curso
Colaborar activamente cos equipos de dinamización do centro	Equipo directivo AAEE Biblioteca EDLG	Reunións	Número de actuacións conxuntas	Todo o curso

Obxectivo nº 3	Establecer como prioridade as medidas de apoio ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo NEE.			
Liñas de actuación	Responsables	Recursos	Indicadores	Temporalización
Impulsar o traballo conxunto do departamento de orientación e as titorías que permita a detección de dificultades	Xefatura de estudos Dpto. de orientación Titores/as	Entrevistas Reunións	Número de alumnos detectados	1º trimestre
Potenciar os modelos organizativos encamiñados a mellorar a atención aos alumnos con dificultades no seu rendemento académico.	Xefatura de estudos Dpto. de orientación Titores/as Docentes implicados	Reforzos Agrupamentos Específicos Apoios Contratos programa Recupera e Proa	Evolución do alumnado participante	Todo o curso
Celebrar reunións co equipo de orientación do CEIP Vicente Otero Valcárcel para recabar información dos alumnos de 1º da ESO do seguinte curso académico	Xefatura de estudos Dpto. de orientación	Reunións presenciais ou telemáticas	Evolución do alumnado informado	3º trimestre
Colaborar con entidades externas ao centro para dar apoio ao noso alumnado: servizos sociais, EOE, servizos sanitarios, etc.	Xefatura de estudos Dpto. de orientación	Reunións Servizos prestados	Número de alumnado atendido	Todo o curso

Obxectivo nº 4	Propiciar a innovación pedagóxica do profesorado.			
Liñas de actuación	Responsables	Recursos	Indicadores	Temporalización
Fomentar e apoiar a participación a posta en marcha de grupos de traballo e a participación en proxectos de formación en centros ou outros promovidos polo CAFI, polo CFR ou por outras institucións educativas.	Equipo directivo Claustro Coordinadora de formación do profesorado.	Plan de Formación ofertado polo CFR	Profesorado participante	Todo o curso
Impulsar a participación de profesores/as de todas as etapas en proxectos de innovación educativa e de innovación	Equipo Directivo Claustro	Convocatoria programas específicos, iniciativas propias	Nº de programas en que participamos	Todo o curso
Potenciar o uso da aula virtual do centro.	Equipo directivo Responsables das TICs Profesores/as interesados/a	Titoriais Formación	Cursos creados na aula virtual	Todo o curso

Obxectivo nº 5	Fomentar o plurilingüismo			
Liñas de actuación	Responsables	Recursos	Indicadores	Temporalización
Aplicar as medidas do Proxecto Lingüístico de Centro	Toda a comunidade educativa	PLC	Grao de cumprimento	Todo o curso
Potenciación do tratamento integrado das linguas	Equipo directivo Departamentos didácticos	Acordos Convocatorias	Grao de satisfacción	Todo o curso
Fomentar o emprego da lingua galega	Toda a comunidade educativa	PLC Actividades do EDLG	Alumnado participante	Todo o curso
Impulso á participación do centro (ESO, BAC e FP) en Prog.Int,e ás mobilidades de Alum e Prof, fomentando a participación en proxectos KA1 e KA2, no marco do Erasmus + e outros programas, como socios ou con proxecto propio	Equipo directivo CCP Dpto. didácticos correspondentes Profesores interesados	Charlas, Reunións, Skype, Datos con contacto de centros e empresas no estranxeiro	Nº de proxectos, Nº de mobilidades	Todo o curso
Adxudicación de auxiliares de conversa	Equipo directivo Dpto. didácticos correspondentes	Programa Auxiliares	Ter auxiliar de conversa	Cuadrimestre

Obxectivo nº 6		Mellorar os hábitos lectores do alumnado		
Liñas de actuación	Responsables	Recursos	Indicadores	Temporalización
Actualizar o Plan de fomento da lectura e desenvolver acertadamente o Proxecto Lector de centro.	Dptos. didácticos. Equipo de biblioteca	Documentos	Grao de cumprimento	1º trimestre
Fomentar a participación de toda a comunidade educativa nas actividades da biblioteca.	Responsable da biblioteca Equipo directivo	Reunións Espazos	Alumnado participante	Todo o curso
Participar no PLAMBE e nos Clubs de Lectura	Responsable da biblioteca Profesores/as interesados/as	Convocatorias	Clubs de lectura creados	Todo o curso

Obxectivo nº 7		Adaptar a organización do centro ás instrucións e protocolos da COVID-19		
Liñas de actuación	Responsables	Recursos	Indicadores	Temporalización
Actualizar o plan de adaptación ao contexto da COVID-19.	Equipo directivo	Documentos	Grao de cumprimento	1º trimestre
Potenciar as medidas sanitarias de hixiene e de prevención do COVID-19	Toda a comunidade educativa.	Publicidade	Grao de cumprimento	Todo o curso
Dotar o centro de todo o material sanitario e de hixiene para a prevención de contaxio.	Equipo directivo	Orzamento	Material comprado	Todo o curso
Organización por zonas de grupos estables no tempo de lecer.	Equipo directivo	Profesorado de garda	Grao de cumprimento	Todo o curso
Cumprir o Plan de ensino a distancia en caso de interrupción das aulas	Equipo directivo CCP Departamentos Coord.Abalar	Aula Virtual Material informático	Grao de satisfacción do alumnado atendido	Sempre que for necesario

Obxectivo nº 8		Optimizar e mellorar os recursos materiais do centro		
Liñas de actuación	Responsables	Recursos	Indicadores	Temporalización
Mellora das infraestruturas do centro: ampliar zonas cubertas, reparación de material deportivo, aparcamento exterior...	Equipo Directivo Consellaría	Orzamento	Número de melloras realizadas	Todo o curso
Continuar coa devolución, sempre que for posible, das aulas específicas: biblioteca, taller, Plástica	Equipo Directivo	Aulas	Número de aulas recuperadas	Todo o curso
Continuar a dotación das aulas de material informático.	Consellería de cultura, educación e O.U. Equipo directivo	Orzamento	Material comprado	Todo o curso
Mellora da cobertura wifi nos espazos do centro	Equipo directivo C. Tics	Solicitude AMTEGA,	Realización	Todo o curso

Obxectivo nº 9		Fomentar a participación coas institucións públicas e privadas da contorna		
Liñas de actuación	Responsables	Recursos	Indicadores	Temporalización
Manteranse conversas ou reunión periódicas cos demais centros da zona, co fin de poñer en común cuestións de diversa índole	Equipo directivo Xefe do dpto. de orientación Responsable da biblioteca Profesorado interesado	Reunións	Grao de satisfacción	Todo o curso
Manteranse contactos coas autoridades e técnicos municipais para o desenvolvemento de actividades en común.	Equipo directivo Dpto. de activ. extraescolares Dpto. de orientación Departamentos didácticos	Reunións	Número de colaboracións	Todo o curso
Valorarase a oferta cultural do concello e das asociacións culturais de Carral para determinar as posibilidades de incorporación á programación de actividades complementarias e extraescolares do centro.	Departamentos didácticos Equipo directivo	Reunións	Número de actividades	Todo o curso

2. HORARIO XERAL DO CENTRO

O persoal subalterno abrirá, tódolos días lectivos, as portas de acceso ao recinto exterior do centro ás 8:00 horas e pecharao á saída do transporte escolar no seguinte horario:

- Os luns: ás 14:30 horas e ás 18:30 horas.
- De martes a venres: ás 14:30 horas.

O horario lectivo do centro será:

- Os luns das 8:30 horas ás 14:10 horas e das 16:20 ás 18:00 horas.
- De martes a venres das 8:30 horas ás 14:10 horas.

O alumnado que emprega o transporte escolar entrará no centro a partir das 8:10 horas e o luns pola tarde a partir das 16:10 horas. Para o resto do alumnado a porta abrirase con 10 minutos de antelación. Os pais/nais non accederán ao centro nas horas de entrada e saída para acompañar aos seus fillos e fillas, agás nos casos especiais que estableza a dirección do centro.

A distribución das sesións lectivas é a seguinte:

SESIÓN	HORAS
1ª SESIÓN	08:30 – 09:25
2ª SESIÓN	09:25 – 10:15
3ª SESIÓN	10:15 – 11:05
RECREO	11:05 – 11:35
4ª SESIÓN	11:35 – 12:30
5ª SESIÓN	12:30 – 13:20
6ª SESIÓN	13:20 – 14:10
7ª SESIÓN (luns)	16:20 – 17:10
8ª SESIÓN (luns)	17:10 – 18:00

O horario de Administración de atención ao público será de 9:00 a 13:00 horas. En horario de verán, a hora de apertura do centro e de atención ao público será de 10:00 a 13:00 horas.

Durante o mes de agosto estará sempre un membro do Equipo directivo de garda de 10:00 a 13:00 horas.

ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS, TRANSPORTE

O transporte escolar poderá ser empregado por aqueles alumnos da área de influencia do centro que teñan dereito a dito servizo e por outro alumnado que a lexislación permita excepcionalmente que o empregue.

A empresa encargada de prestar o servizo é AutopullmansTravidi SL.

Funcionan seis liñas, que dan servizo a un total de 117 alumnos. 106 usuarios lexítimos e 11 excepcionais.

Os itinerarios son os seguintes:

RUTA 1		RUTA 2		RUTA 3		RUTA 4		RUTA 5		RUTA 6	
Bailía-Cañás		Os Capelos		Ardexurxo 1		As Cabancas		Herves		Coiro	
Roel		Tabeaio		Cascaxeiras		Pombais		Beira 1		O Quenllo	
O Marco		Piñeiro		Sarandóns 1		Outeiro		Beira 2		Sergude 1	
Mallo		Lodeiro 1		Sarandóns 2		Salgueiros 1		Teixoeira		Sergude 2	
Pedra do Couto		Lodeiro2		Bordelle 1		Salgueiros 2		Canedo		Belvis	
Ameas		Cabrois		Bordelle 2		Mende		Loureiro		Corposanto 1	
Marquesina		Urb O castelo		Bordelle 3		Vilasuso		Lamagal		Corposanto 2	
Abrigosa Arriba		Xalo		Cruz de Veira		Casa da Escola		Lale		S. Benito A fonte	
Sta Mª Vigo		Xalo Lago		Bordel		Cruce Meirama		Canedo Arriba		Gosende	
Balbén		Xalo Lince		Ardexurxo 2		Horta do Conde		A Brea		O Castro	
O Pazo		Xalo Granxa				Ribeira 1		Tarroeira		As Salgueiras	
Taramuño						Ribeira 2		Cabra Arriba		A Martela	
Tablas						Ponte Lago		Cabra Abaixo			
						Ans					

En Carral, a 29 de setembro de 2021

O director

Anxo Gómez Sánchez